



ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

LETRAS GALEGAS 2018

MARIANNA VON MARTÍNEZ • CÉCILE CHAMINADE

ORGANIZA



COLABORAN



MEDIOS COLABORADORES



Entradas en www.ataquilla.com



DESEÑO DE PROGRAMACIÓN

Manuel Martínez Torres

TEXTO

Goele Deckers

IMAXE GRÁFICA

Carmen Itamad Cremades Romero

www.OrquestaClasica.com
Suscríbete á nosa newsletter



Seguídenos en



MARIANNA VON MARTÍNEZ (1744-1812) • CÉCILE CHAMINADE (1857-1944)

LETRAS GALEGAS 2018

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO
17 DE MAIO • 20.30H

PROGRAMA

- Concerto en do maior para clave e orquestra de Marianna von Martínez
Allegro • Andante • Allegro
- Sinfonía en do maior de Marianna von Martínez
Allegro con spirito • Andante ma non troppo • Allegro spiritoso
- Concertino para frauta con acompañamento de orquestra,
Op. 107 de Cécile Chaminade

CLAVE

María del Mar Blanco Moreno

FRAUTA

Lucía Lugrís Casares

VOZ

Silvia Penas Estévez

DIRECTOR

Manuel Martínez Álvarez-Nava

Neste ano 2018 o día das Letras Galegas está dedicado á escritora e profesora María Victoria Moreno Márquez e dende a Orquestra Clásica de Vigo queremos celebrar este día cunha proposta na que integramos a música clásica coa obra literaria de poetisas galegas recitada en directo. Neste programa interpretaremos dúas obras para clavecín e orquestra da compositora clasicista Marianna von Martínez e remataremos co concertino para frauta da francesa Cécile Chaminade.

DURACIÓN APROXIMADA: 60 min sen descanso



Durante o século XVIII, Europa comeza a experimentar importantes cambios tanto políticos, sociais coma culturais. Será unha importante época para as mulleres na música, pois comezarán a darlle máis importancia á súa educación musical entre a alta sociedade. Resultado disto, moitas resultarán ser grandes pianistas ou cantantes, iso si, non recibirán retribución algunha polo seus numerosos traballos, tanto no campo da interpretación como na composición.

Neste concerto do 17 de maio no que celebramos o *Día das Letras Galegas*, aproveitaremos a ocasión para dedicarlo ás mulleres do pasado e do presente, así como as invisibles e as mais coñecidas, que dedicaron o seu talento e dedicación ao arte.

Abrimos o concerto con dúas obras de Marianna von Martínez, a quen Joseph Haydn deu o nome de «*die kleine Spanierin*», a pequena española. Aínda que a súa familia era de orixe español, o seu pai naceu en Nápoles e mudouse despois a Viena para traballar como mestre de cerimonias do nuncio papal. Ela nunca estivo en España, posiblemente porque os seus antecesoros aliáranse co bando perdedor na guerra de sucesión española, feito polo que non serían benvidos neste país. Vivían nun edificio preto da igrexa de San Miguel, lugar onde residían varios artistas que serían as primeiras influencias e profesores da pequena Marianna, coma Pietro Metastasio, Niccolò Porpora e o aínda descoñecido Joseph Haydn. Recibiu deles clases de canto, de clavecín e máis tarde tamén de composición, perfeccionándose con Johann Adolph Hasse e Giuseppe Bonno. Escribiu durante a súa vida unhas duascenas pezas, incluíndo obras para orquestra ou coro. Estas foron, ademáis, estreadas polos mellores músicos de Viena, e foi a primeira muller que entrou na *Accademia Filarmonica* de Bologna. Aínda así, hoxe a maior parte do seu catálogo está perdido, e quedan só unhas setenta obras, ben gardadas no arquivo da *Sociedade dos Amigos da Música* de Viena, estando a día de hoxe editada unha moi pequena parte.

O seu *Concerto para clavecín en Do maior* é unha obra que estilisticamente é típica do clasicismo vienés, tanto na súa estrutura coma na súa orixinalidade e carácter alegre. Os movementos extremos conteñen moitos pasaxes virtuosos, brillantes e ornamentados sobre un baixo tranquilo, mentres que no movemento lento encontramos unha melodía lírica que ben podería representar unha das cancións

cantadas pola compositora nunha velada na súa casa. Este concerto adáptase sen esforzo as posibilidades do clavecín (que, por certo, tamén é un instrumento relativamente invisible hoxe en día) e é sen dúbida unha xoia que merece o seu sitio no canon das obras do século XVIII.

Esquecida baixo o po, a *Sinfonía en Do maior* de Marianna von Martínez non foi editada ata 1991. Na sinatura, a autora titula esta obra como *Ouverture*. Foi escrita en 1770, e está pensada segundo o esquema típico da sinfonía clásica: un movemento inicial rápido, un segundo movemento máis lírico, que ademáis substitúe os óboes polo timbre máis suave da frauta, igual que no concerto para clavecín, e remata cun terceiro movemento rápido e vivo.

Para rematar o concerto achegámonos á nosa época para escoitar unha interpretación do *Concertino para frauta* da compositora francesa Cécile Chaminade. O cambio do status desta compositora, comparada co de Marianna von Martínez, é abismal. Ela interpretou a unha idade moi temprana as súas propias pezas para piano diante de compositores de renome coma Georges Bizet, Camille Saint-Saëns ou Emanuël Chabrier, que sempre a animaron a seguir a súa vocación pola composición. O seu opus contén mais de duascenas pezas para piano, ademáis de tríos, obras para orquestra, etc. Foi mundialmente coñecida como pianista e compositora. Desenvolveu o seu traballo no primeiro terzo do século XX e non fixo do seu xénero un problema. Para dicílo coas palabras de Ambroise Thomas: «Non é unha muller que compón, senón unha compositora que é muller».

O seu *Concertino para frauta* foi escrito en 1902 coma obra de concurso para o Conservatorio de París, sendo dedicado ao profesor Paul Taffanel. É unha obra en un só movemento que abre con unha melodía tranquila e pensativa que pouco a pouco tórnase máis virtuosa. Despois dunha parte intermedia rítmica segue unha cadencia, e a obra acaba con unha repetición do tema principal con unha coda engadida.

Goele Deckers



Mª DEL MAR BLANCO MORENO • *Clavecín*

Nace en Madrid en decembro 1981, comeza os seus estudos musicais aos 11 anos de maneira autodidacta. Con 16 anos ingresa no Conservatorio Adolfo Salazar onde estuda piano con Eva Alcázar e Música de Cámara con Aníbal Bañados, titulándose tres anos despois como profesora de Piano, Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento. Continúa os seus estudos no Conservatorio Superior de Música de Salamanca estudando Música de Cámara baixo a dirección de Kennedy Moretti e Piano con Claudio Martínez- Mehner. Posteriormente amplía os seus estudos realizando un posgrao de especialización en repertorio clásico en Florencia coa pianista María Tipo. Como complemento á súa formación, licénciase en Historia e Ciencias da Música na Universidade de Salamanca. Como clavecinista tocou coa Orquestra Barroca do COSCYL, Orquestra Vigo 430 e Orquestra Clásica de Vigo. Impartiu clases maxistras na Universidade das Artes de Tirana e na Universidade de Saraijevo grazas ao programa Erasmus+. Actualmente é profesora de clave no Conservatorio Superior de Música de Vigo e compaxina a docencia coa actividade concertística, tanto ao piano como no clave, tocando en grupos de música de cámara e realizando estreas de música contemporánea.

LUCÍA LUGRÍS CASARES • *Frauta*

Comeza os seus estudos no conservatorio profesional de música de Melide no ano 1996 co mestre Francisco Seoane ata 3º de grao profesional, continuando no conservatorio profesional de música da Coruña con Fernando Gracia. Chegou ata 4º de grao superior no conservatorio superior de música de Vigo, obtendo moi altas cualificacións en materia de instrumento. Na actualidade é frauta solista da Joven Orquesta de León, frautista principal en cadro da Banda de Pontevedra, frauta solista na Orquestra Sinfónica de Melide dende o 2002, compaxinando estas actividades con clases en diferentes escolas como a Escola de Música de Arcade, e Escola de Música de Rubiós ou o Centro Creativo-Musical de Moaña.

SILVIA PENAS ESTÉVEZ • *Voz*

Realizou estudos de Filoloxía galega na Universidade de Vigo, cidade onde mora a día de hoxe. Exerce como profesora de lingua e literatura galega, ademais de dedicarse a outras tarefas profesionais. Entre o 2014 e o 2016 encargouse da organización e impartición dos cursos de Slam (spoken word) do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo do Concello de Vigo. Cun conxunto de poemas intitulado *A tiranía do des* foi premiada en 2007 no Certame Galego de Creadores Novos GZcrea. En 2013 gaña o I Certame Lueiro Rey de Poesía con *As uñas crecen*, publicado no 2014. Foi gañadora do Slam Arousa e do I Slam Vigo e seleccionada para participar no Slam estatal en Madrid e no Slam Internacional de Barcelona durante o ano 2013. En decembro de 2015 publícase *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores*, premio Avelina Valladares. É cocreadora canda o músico Jesús Andrés Tejada do grupo poético musical Cintaadhesiva, no que participa como vocalista e letrista.

MANUEL MARTÍNEZ ÁLVAREZ-NAVA • *Director titular e artístico*

Nado en Oviedo en 1957. Discípulo do mestre Alfonso Ordieres Rivero, estuda violín e viola no Conservatorio Superior de Asturias. Posteriormente amplía os seus estudos de viola con Enrique Santiago. Estuda dirección de orquestra co mestre Jacques Bodmer, discípulo do lendario mestre Herman Scherchen. Foi profesor violista da Orquesta Sinfónica de Asturias “Angel-Muñiz Toca” entre 1977 e 1983. Fundador, Solista e Concertino da Orquesta Universitaria de Oviedo, da que tamén foi director adxunto. Desde o curso 1983-84, é catedrático de violín no Conservatorio Superior de Música de Vigo e Director Titular da Orquesta Clásica de Vigo desde a súa creación en 1984.

ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

Violín

- Raquel Carrera Álvarez
- Nuria Buceta Guimarey
- Rubén Iglesias Ramudo
- Miriam Parada Mandado
- Miriam Riveiro Bello
- César Escobar Novoa
- Cristina Torres Martínez
- Laura Fernández Martínez
- Iria Pérez Gregorio
- Celia González González
- Inés Fernández Iglesias

Viola

- Óscar Espósito Rivera
- Flavio Sedano Lima

Violoncello

- Pedro Fernández Martínez
- Irene García Magaña
- Carlota Ríos García
- Margarita Mariño Suárez

Contrabaixo

- Alma Fernández Bande
- Laura Gil Outeiral
- Mateo López Fernández

Frauta

- Mykola Kuzmenko
- Lucía Lugrís Casares

Óboe

- Martín Alves Costas
- Beatriz Costa Pereira Falcão Freire

Clarinete

- Vitalii Liashko
- Goele Deckers

Fagot

- Daniel Otero Domínguez
- Belén Carril Miguéns

Trompa

- Manuel Lizul Sestelo
- Aníbal Comesaña Davila
- Jorge Manuel Fuentes Arce
- Víctor Manuel Freire Rey

Trombón

- Eloy Carrera Bernárdez
- Diego Fraguas Rocha
- Antonio Rodríguez González

Tuba

- Claudio Clemente Valente Santo Leite

Percusión

- Noelia Leite Cosque

Clave solista

- María del Mar Blanco Moreno

Frauta solista

- Lucía Lugrís Casares

Voz

- Silvia Penas Estévez

Director

- Manuel Martínez Álvarez-Nava



PRÓXIMO CONCERTO
DÍA EUROPEO DA MÚSICA
Casco Vello de Vigo • 21 de xuño